

ANUNCIO

Unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 21 de agosto de 2014 as bases polas que se regula o réxime de subvencións para rehabilitación de fachadas en núcleos tradicionais e centros históricos no termo municipal do Barco de Valdeorras, procédese a súa publicación para que a partir do día seguinte da inserción no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello e ata o día 30 de novembro de 2014, aquelas persoas particulares ou representantes legais de comunidades de veciños, poidan presentar no Rexistro Xeral deste concello de 9:00 a 14:00 horas de luns a sábado solicitude de subvención segundo modelo que se lles facilitará na Oficina de Obras deste concello situada na Praza do Concello nº 2, primeiro piso, desta Vila.

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA REHABILITACIÓN DE FACHADAS EN NÚCLEOS TRADICIONAIS E CENTROS HISTÓRICOS NO TERMO MUNICIPAL DO BARCO DE VALDEORRAS

Base 1ª. Obxecto e ámbito

O obxecto das presentes bases é abrir a convocatoria, no exercicio económico de 2014, do procedemento para a concesión de subvencións a fondo perdido, con destino á rehabilitación, renovación ou reparación de fachadas, beirados de cubertas, canlóns e baixantes, carpintaría, cerrallaría e pintado exterior de edificios, vivendas, construcións auxiliares e peches de predios que, sendo visibles desde a vía pública, se atopen en solo de núcleo rural, solo urbano consolidado de ordenanzas OU-1, zona antiga e OU-2 núcleos tradicionais, definidos polo PXOM do Barco de Valdeorras.

Base 2ª. Beneficiarios

1. Poderán solicitar as axudas os propietarios particulares ou os representantes legais de comunidades de veciños, para o caso de edificios en réxime de división horizontal, de edificios, vivendas, construcións auxiliares e peches de predios, aos que se refire o artigo anterior. Non poderán solicitar de forma independente os propietarios dun predio incluído nunha comunidade horizontal de propietarios.

2. O beneficiario desta subvención, ao solicitala, obrígase a cumprir todas as obrigas materiais e formais que se derivan destas bases e da lexislación reguladora das subvencións, así como a executar as obras que se vincularon á solicitude da subvención. Son obrigas do beneficiario:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas ou entidades nas que conorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Seren condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

- b) Solicitaren a declaración de concurso, seren declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma nos termos que regulamentariamente se determine.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non acharse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións, segundo a vixente lexislación de subvencións ou a Lei xeral tributaria.

4. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as comunidades horizontais cando conorra algunha das prohibicións do anterior apartado en calquera dos seus membros.

Base 3ª. Crédito

Dótase á concesión destas subvencións a cantidade máxima de 20.000 euros, contemplada para tal fin dentro do Orzamento municipal do exercicio 2014, con cargo á partida 2014-151/78000.

Base 4ª. Requisitos e compatibilidade

1. Unicamente se poderá conceder unha axuda anual para cada predio de actuación.

Aos efectos destas bases, por predio de actuación entenderase o conxunto de construcións e elementos incluídos dentro dunha mesma referencia catastral ou incluídos nunha mesma comunidade horizontal de propietarios.

2. Unicamente se poderá obter por cada beneficiario unha única axuda no exercicio 2014, agás para o caso de que solicite a axuda individualmente e colectivamente como copropietario dunha comunidade suxeita ao réxime de propiedade horizontal, caso no que se poderá ser beneficiario de dúas subvencións como máximo.

3. As obras obxecto da axuda deben contar con comunicación previa ou licenza de obras, cos seus prazos de execución vixentes, e non poderán estar iniciadas no momento da solicitude da subvención.

4. Será condición indispensable para obter calquera clase de axudas ás que se refire a presente norma, que o solicitante se atope ao corrente de pagamento de calquera clase de obrigas tributarias coas administracións públicas e coa Seguridade Social.

5. Non se subvencionan obras interiores, estruturais nin de cuberta, aínda que poden presentarse en proxecto conxunto, desagregando a valoración de partidas das obras que poden optar á subvención.

6. Quedan excluídas destas axudas municipais as actuacións que supoñan:

- 1)Obra nova ou reparacións en edificios cunha antigüidade de menos de 10 anos.
- 2)Obras que repoñan elementos ou acabados renovados nos últimos 10 anos.
- 3)Obras de interiores e todas aquelas non se inclúan no artigo 1 destas bases como subvencionables.
- 4)Obras en edificios e construcións con expediente de reposición da legalidade iniciado ou resolto.

7. Estas subvencións son compatibles coa concorrencia doutras subvencións ou axudas doutras administracións, sempre que o total dos importes percibidos (illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos percibidos) para realizar a actividade subvencionada, non supere o custe da actividade subvencionada, entendendo por tal o orzamento de execución material efectivamente realizado e xustificado.

Base 5ª. Solicitudes

1. As bases reguladoras desta subvención publicaranse no BOP de Ourense e na páxina web do Concello do Barco de Valdeorras: www.concellodobarco.org. Nesta mesma páxina web publicaranse os beneficiarios da subvención, importe e actuación subvencionada. Para o caso de que as condicións técnicas o permitan a publicidade realizarase tamén na sé electrónica do concello do Barco de Valdeorras: <https://sede.concellodobarco.org>. O prazo para a presentación de solicitudes abrirase ao día seguinte da última destas dúas publicacións e rematará o 30 de novembro do 2014.

2. A solicitude da axuda realizarase en impreso oficial, facilitado no Concello, facendo referencia á comunicación previa presentada ou á licenza de obras solicitada ou, no seu caso, concedida. Poderá realizarse por calquera dos medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; no caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria. O mesmo resultará de aplicación para a documentación complementaria.

3. A instancia deberase acompañar de:

A) Para o caso de que o beneficiario sexa unha única persoa:

- 1) Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.F.do beneficiario.
- 2) Deberán acreditar que se atopan ao día nas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e co Concello do Barco de Valdeorras e coa Seguridade Social e que non teñen pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, co Concello. A acreditación realizarase coa achega dos certificados emitidos polas correspondentes administracións tributarias e da Seguridade Social. Respecto da Administración tributaria municipal, o certificado incorporarase de oficio ao expediente sen necesidade de achegalo coa solicitude.
- 3) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Sen prexuízo do anterior, as persoas beneficiarias deberán comunicar ao órgano concedente, no momento en que se coñeza ou, en calquera caso, antes do pagamento, a modificación das circunstancias contidas na anterior declaración, ou calquera outra circunstancia que fundamente a concesión da subvención, de acordo co previsto no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

4)Declaración responsable sobre a veracidade dos datos consignados na solicitude relativos á conta bancaria en que desexa que se realice o pagamento.

5)Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 2.3 destas bases.

6)Orzamento detallado das obras (PEM sen IVE, que será o mesmo que o declarado coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obras), se é o caso, especificando separadamente as obras susceptibles de seren subvencionadas.

7) Fotografía/as do estado da obra sen iniciar.

8) Consulta catastral descritiva e gráfica do predio de actuación (ou núm. de referencia catastral).

9)Declaración expresa do beneficiario de que coñece e admite as condicións da convocatoria e cumpre cos requisitos establecidos nestas bases.

B) Para o caso de varios beneficiarios integrantes dunha comunidade horizontal de propietarios, coa solicitude aportarse:

1) Certificado (ou copia compulsada da correspondente acta) do acordo da xunta de propietarios da propiedade horizontal de presentación de comunicación previa ou solicitude da licenza de obra e da solicitude da subvención asociada no que conste o nome, apelidos e D.N.I. do seu presidente. Para estes efectos, entenderase que o representante legal da propiedade é o presidente da comunidade, ao que se dirixirán todas as notificacións que se realicen neste procedemento, agás para o caso de que de forma expresa a comunidade de propietarios nomee outro apoderado con poderes suficientes para cumprir as obrigas que corresponden ao beneficiario.

2)Copia compulsada do N.I.F. do presidente da comunidade e do NIF da comunidade de propietarios.

3) Declaracións responsables ás que se refire os apartados 3, 4, 5 e 9 da letra a) desta base asinada polo representante legal da comunidade de propietarios.

4)Acreditar que se atopan ao día nas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e co Concello do Barco de Valdeorras e coa Seguridade Social e que non teñen pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, co Concello. A acreditación realizarase coa achega dos certificados emitidos polas correspondentes administracións tributarias e da Seguridade Social.

Respecto da Administración tributaria municipal o certificado incorporarase de oficio ao expediente sen necesidade de achegalo coa solicitude.

5) Orzamento detallado das obras (PEM sen IVE, que será o mesmo que o declarado coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obras), se é o caso especificando separadamente as obras susceptibles de seren subvencionadas.

6) Fotografía/as do estado da obra sen iniciar.

7)Consulta catastral descritiva e gráfica do predio de actuación (ou nº de referencia Catastral).

Base 6ª. Procedemento

Ao abeiro do artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no procedemento de adxudicación desta subvención queda excepciónado o requisito de

fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, considerando que para o cumprimento do obxecto e finalidade perseguidos non é preciso facer dita comparación e prelación de solicitudes, xa que se subvencionarán todas aquelas que reúnan os requisitos esixidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario. De acordo co artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, o esgotamento da aplicación orzamentaria asignada e a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas a participar no procedemento publicarase na páxina web do Concello. De permitilo os medios técnicos, esta publicación realizarase na se electrónica do Concello do Barco de Valdeorras.

A data do Rexistro de Entrada da solicitude da subvención coa documentación completa supón a referencia de orde para o caso de esgotamento do crédito. Para o caso de que a documentación non estivera completa levarase a cabo requirimento de documentación e será a data na que se complete a documentación a que se terá en conta para os efectos do esgotamento do crédito. Para o caso de que se requiran informes sectoriais previos e preceptivos cuxa competencia lle corresponda emitir a outra administración e sexa competente o Concello para tramitar a solicitude de ditos informes, entenderase que a documentación se atopa completa cando o solicitante presente a documentación precisa para que se realice polo Concello a solicitude do correspondente informe/ditame á correspondente administración.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á determinada nesta convocatoria sen nova convocatoria agás que se produza o incremento dos créditos derivados dunha eventual modificación orzamentaria.

2. O Concello, incorporará informe técnico no que se acredite que as obras polas que se solicita a subvención se atopan no ámbito material e territorial desta subvención e da adecuación urbanística das mesmas, e resolverá sobre a procedencia ou non do outorgamento da concesión da subvención no prazo máximo dun mes dende a data de presentación da solicitude de subvención, notificándose no prazo dos 10 días seguintes a correspondente resolución.

3. O prazo de execución da actividade obxecto da subvención será o prazo de execución das obras que resulte de aplicación segundo a normativa urbanística en vigor, sen que en ningún caso poda exceder de 24 meses dende a concesión da subvención.

4. Unha vez finalizadas as obras, dentro do prazo máximo do mes seguinte, procederase a xustificar a subvención e solicitar o pagamento desta, mediante impreso oficial facilitado polo Concello, achegando a seguinte documentación xustificativa:

-Solicitude segundo modelo na que se faga referencia á data de presentación da comunicación previa ou concesión da licenza de obra.

-Medición valorada actualizada, con presentación de facturas pagadas.

-Declaración xurada do solicitante sobre as subvencións ou axudas aprobadas e/ou recibidas doutras administracións para o mesmo proxecto.

-Reportaxe fotográfica das obras realizadas obxecto da subvención.

O transcurso do prazo do mes dende a finalización das obras sen que se realice a xustificación da actividade subvencionada dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención concedida. O mesmo ocorrerá para o caso do transcurso dun mes dende o remate do prazo dado para a execución das obras sen que se xustifique a subvención.

5. Previo pago da subvención emitirase informe dos servizos técnicos municipais, que farán unha visita de inspección, para revisar a finalización das obras e o seu alcance real, co obxecto de que se acredite o cumprimento da finalidade da subvención.

6. No caso de que o investimento final fose menor que o previsto inicialmente, a subvención reducirase na porcentaxe correspondente.

7. Resolverase o acordo de pagamento da subvención e o seu cargo á partida orzamentaria correspondente, procedendo ao abonamento da axuda económica mediante transferencia bancaria.

8. O órgano competente en todos os acordos e ordenación do procedemento é a Alcaldía, agás para a concesión e comprobación da xustificación da subvención, que será competencia da Xunta de Goberno Local.

Base 7ª. Contías:

As axudas solicitadas terán os seguintes parámetros económicos:

- 1) Máximo de axuda: 25% do orzamento de execución material (sen IVE)
- 2) Tope máximo da axuda: 750 euros por predio de actuación (ou proporcionalmente inferior, en función do orzamento, cando este sexa inferior a 3.000,00 €).

Base 8ª. Perda das axudas

1. O incumprimento das condicións e requisitos destas bases e, en concreto, a non execución das obras xustificativas da subvención, a non execución das obras no prazo concedido, a non xustificación da realización da actividade subvencionada no prazo concedido, así como o falseamento de calquera dato na documentación achegada, suporá a anulación e supresión das axudas municipais no expediente de que se trate.

2. Procederá á denegación das axudas en caso de resistencia, escusa ou obstrución ás actuacións municipais de comprobación e control.

3. Serán obxecto de denegación as solicitudes presentadas que queden sen cobertura orzamentaria, sen prexuízo da súa admisión a trámite por orde de entrada nos supostos de renuncias ou defectos en solicitudes anteriores, e polo tanto, preferentes.

Base 9ª. Datos de carácter persoal

1. O Concello do Barco de Valdeorras velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento e, para tal efecto, procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exigencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; non obstante, o Concello do Barco de Valdeorras revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e se requira de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e enviando identificación suficiente ao seguinte enderezo: Rexistro Xeral do Concello do Barco de Valdeorras, Praza do Concello, núm. 2, O Barco de Valdeorras, 32300.

Base 10ª. Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro desta convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición ante o Alcalde do Concello do Barco de Valdeorras, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
2. Recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo competente de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.